

ABECEDÁRIO ME

NEGRA



HOMENAXES

DARÍO

POESÍA

COMPROMISO



BARRIO

FEMINISMO

GALICIA

QUE SI, QUE SI

LITERATURA

OUTSIDER

VIGO




JOYCE

RETRATO

XERAIS

TIGRE


KATARSIS



INTEMPÉRIOME

UNIVERSIDADE

ZOOM



MÚSICA

EQUILIBRIO

ÁNGELES > ANXOS > XELA

XELA ARIAS



SARRIA

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2021

Ángeles > Anxos > Xela

Xela Arias tivo tres nomes oficiais ao longo da vida. A escritora nace o 4 de marzo de **1962** na Granxa de Barreiros, en Ortoá, **Sarria**, Lugo, onde era mestre seu pai. Foi a filla primoxénita de **Amparo Castaño López** e **Valentín Arias López**, inscrita no Rexistro Civil co nome de María de los Ángeles, aínda que a escritora nunca se identificou coa versión castellanizada do antropolónimo. Xa en **1984**, galeguízao no Rexistro como María dos Anxos e en **1995** consegue que os xulgados admitan o nome que mellor reflicte a súa identidade: **Xela**, que era como lle chamaban no ámbito familiar desde os seis anos. Nesta teima por ser recoñecida como ela quere, amosa a súa actitude inconformista e o seu fondo compromiso coa lingua galega.



Barrio

En **1969**, ao ser destinado seu pai como mestre da escola de Sárdoma, Xela e a súa familia trasládanse a vivir a **Vigo**. Este cambio de contorno definirá xa para sempre o seu carácter e as súas escollas vitais a partir da mocidade. De adulta, cando o xornalista **Xan Carballa** lle pregunta se a súa poesía se pode definir como urbana, responde:

"Non quero crer nesa clasificación. O medio fórmanos e desde os sete anos a miña cultura é urbana, eduqueime xogando nun solar e logo de ir á escola nun arrabaldo de Vigo, seguíñ estudos nun centro do Calvario, que é un bairro tamén moi de cidade. Fixen vida de bairro, identifícome con ela, e resultame moi interesante o que saia de alí. O urbaio non é parte de min, senón unha circunstancia da vida."



Sarria

Sarria (Lugo) é, na vida de Xela, a memoria primixenia da infancia, dos veráns na aldea, da estirpe familiar. Aínda que se sentía plenamente urbana, a súa historia, como a de tantas familias galegas, comeza no rural, na **Granxa Escola de Barreiros**, onde o pai exercía como mestre e onde a nena entrou en contacto directo co mundo agrario e o coñecemento da natureza. "Alí fomos moi felices", recorda Amparo Castaño, a nai da escritora. Máis tarde, primeiro en Lugo e xa definitivamente en Vigo, Sarria seguiría a ser un espazo vital moi querido.

Xela Arias

ABECEDÁRIOME 2

Día das Letras Galegas



Grazas a Xela Arias, os *Dublineses* de James Joyce falan galego.

A comezos dos oitenta, a autora inicia unha das actividades profesionais que había manter ao longo da vida: **a tradución literaria**. Nesa decisión é probable que influíse a contorna familiar, pois o seu pai xa exercía de tradutor ao galego. Nese momento histórico, editoriais como Galaxia ou Xerais trataron de suplir as carencias do noso sistema literario mediante a tradución de grandes clásicos da literatura universal ou de obras contemporáneas que favorecesen a creación dun público lector en galego.

Xela Arias, soa ou en equipo, traduciu escritores/as de prestixio internacional desde linguas como o castelán, o francés, o inglés, o italiano ou o portugués. Todas as persoas que traballaron a carón dela destacan o seu rigor no difícil oficio da tradución literaria. Neste ámbito foi recoñecida con galardóns como o **Premio de Tradución da Sociedade de Língua Portuguesa** (1987) por *Amor de perdición*, de Camilo Castelo Branco ou o **Premio Ramón Cabanillas** (1994) pola versión en galego de *O derradeiro dos mohicanos*, de Fenimore Cooper. Postumamente, tamén recibirá o **Premio Plácido Castro** (2004) por *O Spleen de París*, de Baudelaire.

JOYCE

XERAIAS

En 1980, Xela abandona os estudos en COU e entra a traballar como oficinista en **Edicións Xerais de Galicia**. Comezou con encargos básicos, pero axiña vai asumindo novas responsabilidades ata chegar a especializarse nos traballos de edición.

Debido ao seu rigor profesional, asume tarefas como a de correctora de estilo ou editora das coleccións **Xerais Universitaria** e **Biblioteca de Autores Galegos**. A maiores, vaise ocupar da edición da **Colección Xabarán**, que ten por obxectivo achegar os clásicos da literatura xuvenil á mocidade galega. Tamén na editorial se publicaron moitas das súas traducións, como, por exemplo, *As bruxas* de **Roald Dahl** ou *Amor de perdición* de **Camilo Castelo Branco**, entre outras.

Celia Torres Bouzas, directora de promoción da editorial Xerais, resume así a súa traxectoria na editorial: "Tanto no seu traballo de editora como de tradutora, Xela Arias destacou pola súa rigorosidade no uso do idioma galego e pola defensa dunha normativa lingüística para chegar a unha normalización no uso".



Vigo e Xela son dúas almas xemelgas, unlla e carne.

Na década dos oitenta, durante a mocidade de Xela, a historia da cidade está marcada no ámbito político pola apertura democrática derivada da Transición, mentres que no económico padece as consecuencias da reconversión industrial que se estaba a producir en moitas áreas metropolitanas de Europa desde 1975.

Con este pano de fondo, desenvolveuse **a movida viguesa**, un movemento artístico e estético de carácter lúdico fortemente influído pola posmodernidade no que a música tivo un enorme protagonismo, cun carácter alternativo e irreverente. Destacaron grupos como **Siniestro Total**, **Golpes Bajos** e **Os Resentidos** de Antón Reixa; estes últimos aproximaron a cultura pop ao galego, a través de cancións cargadas de humor irónico e espírito crítico.



VIGO

Xela Arias

ABECEDÁRIOME 3

Día das Letras Galegas 2021



KATARSIS

Tamén a principios dos oitenta Xela Arias empeza a dar a coñecer a súa poesía. Ademais de participar en numerosas edicións do **Festival de Poesía do Condado** antes de publicar o seu primeiro libro colaborou con textos soltos en revistas como **Dorna** ou **Festa da Palabra Silenciada**; e tamén en suplementos de xornais como **Faro de Vigo**, **Diário de Noticias** ou **A Nosa Terra**.

Así mesmo, publicou textos poéticos nun dos medios de expresión da cultura xuvenil e urbana máis representativos daquela década: os **fanzines** (abreviatura de "fan magazine").

Sirva como exemplo a súa colaboración co poema "Érgome" no número 3 de **Katarsis. Método para la Excepción**, revista viguesa publicada entre 1982 e 1985.



OUTSIDER

Xela Arias é unha **outsider** da poesía dos oitenta. Alguén que non encaixa nas etiquetas dos libros de texto para esa xeración. Quizais como **Lois Pereiro** ou **Luísa Castro**. Ela vai por libre, ensaia unha certa forma de malditismo xuvenil. Por iso nos seus textos non se atopan as características que a crítica lles atribúe aos poetas desa etapa: culturalismo, esteticismo formal ou uso de temáticas da tradición literaria universal expresadas cun simbolismo afastado do prosaico.

En realidade, Xela é unha artista "fóra de lugar" que se interesa máis ben pola enerxía destrutiva do **punk** que pola medida perfecta dun hendecasílabo. O único que busca na poesía son formas de expresión innovadoras e a invención dun mundo propio. E, nesa procura individual amósase moi crítica co panorama da poesía galega de finais dos oitenta, á que chega a cualificar de "reaccionaria por conformista".

Xela, **outsider**, esixente con ela mesma. Talvez por iso nunca publicou o libro inédito **Lilí sen pistolas**. Por non compartir co público nada do que non estivese plenamente convencida.



LITERATURA

Xela Arias conseguiu facer da literatura "un cuarto de seu": un lugar para a indagación a través da palabra.

Quizais todo empezase na infancia, coa biblioteca da casa, ou cun exemplar de *O principiño que lle dedicou Manuel María* cando era nena. Quizais tamén influíu a frecuente presenza de escritoras e escritores na contorna familiar, o que estimulou a súa curiosidade intelectual desde moi nova. Logo están as lecturas que foron facendo da Xela adolescente unha escritora en potencia. No poema "Epístola. Biografía" (1993) ofrécenos pistas das súas preferencias lectoras durante a mocidade: "Deixara os meus estudos e traballaba, pero entre Novalis / almorzaba Rimbaud xantaba Verlaine e ceaba Baudelaire (Novoneyra ou Ferrín de aperitivo)". A esta bagaxe de poetas habería que lle engadir o diálogo intertextual que estableceu a través da tradución, que de certo tamén enriqueceu a súa cultura literaria.

Xela Arias

ABECEDÁRIOME 4

Día das Letras Galegas 2021



POESÍA

Para Xela Arias a poesía non debe tratar da felicidade, senón dos dramas internos do ser humano. Dito doutro modo, é unha forma de expresión artística incómoda e molesta. Como lle confesa a **Ana Romaní** en **2003**, "a poesía debe indagar e cuestionar a orde das cousas".

Por tanto, para a autora escribir poesía implica indagación e cuestionamento, exploración das contradicións humanas e, sobre todo, un acto creativo de plena liberdade. Ou, como apuntou o poeta Vicente Araguas, Xela Arias achégalle á poesía galega dos oitenta "a calidade da insurxencia".

NEGRA

Unha das definicións máis acaídas da mirada poética de Xela Arias atopámola na voz da poeta **Ana Romaní**, que sitúa a obra da autora nunha posición de radicalidade expresiva:

"Xela Arias escolle unha posición extrema para a escritura; un lugar afastado do código preponderante, unha poética que desafia os moldes estipulados, mais tamén as pautas de corrección social e os seus mecanismos disciplinarios. A posición —que é unha declaración de intencións— está xa en **Denuncia do equilibrio** e fórmulase de cada vez máis nítida, depurada e esixente ata **Intempériome**, onde irradia todo o libro; de feito, toda a obra é unha declaración afirmada do lugar onde se sitúa o poema e a poeta. Esa posición é a da negritude, a do «afora», a da expulsión."

EQUILIBRIO, DENUNCIA DO

Denuncia do equilibrio (Xerais, 1986) é o primeiro poemario de Xela Arias. A intención da obra é denunciar os falsos equilibrios que o ser humano ten que aparentar dentro do marco social. Os poemas de Xela buscan a liberdade, pero ao mesmo tempo fan visibles os aspectos máis violentos da existencia.

A propia Xela contextualiza as súas intencións nunha entrevista concedida a **Montse Carneiro**: "Non me interesa falar da felicidade, iso xa se leva na cara, quero describir o que, como homes e mulleres, nos ensinaron a ocultar, todos os dramas internos que tanto nos molestan que nos denuncien".

No plano estilístico, a profesora **Carmen Blanco** indica que **Denuncia do equilibrio** destaca polo uso dunha linguaxe rupturista relacionada co surrealismo e o simbolismo, que recibe o influxo das vangardas.



Xela Arias
ABECEDÁRIOME 5
Día das Letras Galegas 2021

Xela Arias
Poesía reunida
(1982-2004)



QUE SI, QUE SI

En 1990 Xerais lanza ao mercado dous volumes de **Contos eróticos**: un primeiro coa epígrafe de **Elas** e un segundo coa de **Elas**; tratábase dunha iniciativa editorial destinada a introducir na literatura galega un subxénero literario apenas presente ata entón na nosa tradición cultural.

O relato que publica Xela Arias no volume de voces femininas titúlase “**Que si, que si**” e aparece a carón doutras historias de escritoras como **María Xosé Queizán**, **Helena Villar Janeiro**, **Margarita Ledo** ou **Luisa Castro**. A crítica literaria **Dolores Vilavedra** salienta a forza da linguaxe erótica do seu relato, a través dunha historia de desexo feminino libre de ataduras morais, no marco dunha trama que xoga con referentes relixiosos (un grupo de monxas ao estilo das primeiras películas de **Pedro Almodóvar**).

TIGRES COMA CABALOS

Tigres coma cabalos (Xerais, 1990) ofrece unha intersección de dous xéneros minoritarios que entran en diálogo artístico: os poemas de Xela e as fotografías de **Xulio Gil** (o seu compañeiro sentimental durante varios anos e pai do seu fillo **Darío**). É un libro arriscado no seu discurso sobre a irracionalidade e a incomunicación e constitúe unha obra innovadora no contexto da poesía galega do seu tempo.

Nunha análise superficial, **Tigres coma cabalos** foi entendido como un libro erótico debido á presenza de corpos nus en case todas as fotografías. Non obstante, o uso que se fai do corpo reflicte unha beleza baseada no desequilibrio e no contraste. O provocador deste poemario non ten que ver co erotismo, senón coa denuncia da estabilidade social e da idealización.



MÚSICA

Xela tamén probou sorte como letrista dun grupo de rock e *Ryhtm'n/Blues*.


En 1991 o cuarteto vigués **Desertores** publica un LP titulado **El desertor**, editado por Discorama. Segundo a crítica musical, o grupo facturaba un rock fresco e festivo, adornado con guitarras afiadas e metais enérxicos. Xela Arias rexistra como propias as letras das seguintes cancións do álbum: “Coges el bolso”, “Déjenlo caer”, “Que me dejes en paz”, “No soy yo”, “No te volveré a buscar” e “El desertor”.

Unha vez máis, Xela, colega de rockeiros, poeta urbana.

XELA ARIAS

ABECEDÁRIOME 6

Día das Letras Galegas 2021



INTEMPÉRIOME

Intempériome (Espiral Maior, 2003) foi o derradeiro poemario de Xela Arias, publicado no mesmo ano da súa morte. A obra presenta un eu poético exposto á intemperie, que cuestiona a realidade e interroga e reflexiona sobre esta. A propia Xela dá conta da temática nunha conversa radiofónica:

“A vida real é aquela na que un se atopa á intemperie, se fai consciente de que quere estar na intemperie precisamente para tomar as súas decisións [...]. Pero tamén por outra parte un, creo eu, polo menos unha, polo menos eu, intempériome moitas veces, revóltome, procuro darlle volta ás cousas nese posible camiño que é tamén obriga de nós como persoas, de cuestionarnos, de preguntarnos as cousas que estamos facendo.”

Esta obra contén as liñas máis persoais da súa poesía e apréciase unha importante evolución da súa linguaxe, máis depurada, pero sen perder a súa esencia orixinal. Pode considerarse o libro máis radical de Xela, pola profunda exploración dun eu depurado desde a madurez expresiva.



DARÍO A DIARIO

Darío a diario (Xerais, 1995), o terceiro libro de poesía de Xela Arias, é un poemario que vai máis alá da homenaxe íntima ao seu fillo **Darío**, nado en 1994. En realidade, toda a obra é unha toma de posición consciente como nai liberada, nunha especie de desafío íntimo contra a cultura patriarcal.

Nesta obra Xela Arias ponlle voz á experiencia maternal durante os primeiros meses de crianza, centrándose nas dúbidas e expectativas que lle provoca o nacemento do seu fillo e sentando os principios da educación que desexa para o seu futuro. Uns principios que inciden no dereito de **Darío** a medrar como un ser libre, fóra da posesión e da sobreprotección; isto supón tamén defender a identidade materna, lonxe do papel de nai esquecida das súas aspiracións persoais.

Nestes poemas, a maternidade convértese nun espazo para exercer a liberdade individual e colectiva e, deste xeito, rompe os tópicos tradicionais onde a nai ficaba sometida pola sobrecarga dos cuidados non compartidos. O fillo non supón un límite na vida da muller, senón unha prolongación.



XELA ARIAS

ABECEDÁRIOME 7

Día das Letras Galegas 2021



GALICIA

En 1988, nunha conferencia titulada “**Paixón de militancia e escuros desertores**”, Xela Arias ofrece unha visión nada idealizada da Galicia contemporánea. Por un lado, recoñécea como unha nación histórica dotada dun idioma e dunha cultura propias que cómpre reivindicar. Pero por outro, defínea como un país caníbal, que se devora a si mesmo, incapaz de asumir os desafíos da modernidade, sen autoestima nin espírito crítico.

Porén, Xela Arias non renunciará nunca nin á defensa do país nin á da lingua. Nunha entrevista que lle concede a **Manuel Rivas** en **1990**, declara con rotundidade:

“Dáme rabia ter que dicir que son feminista. Pásame igual que co nacionalismo. Deixarei de ser unha cousa e outra cando as nacións soxulgadas non o sexan e as mulleres discriminadas non o estean.”

En definitiva, Xela séntese galega por cultura e por idioma e expresa con carraxe o desexo de soñar Galicia como un proxecto colectivo lonxe do conformismo e da submisión ao poder.

FEMINISMO

Xela Arias desconfiou sempre de calquera mandato colectivo que lle impedise exercer a súa liberdade creativa; así, na conferencia “**Muller e literatura**” (1991) afirma: “O meu compromiso está en escribir desde min. E eu son muller, miope e galega. Só cando esqueza iso deixarei de ser fiel ao feito das mulleres, das miopes e das galegas”.

Por tanto, asume que non pode escribir desde un lugar neutral, en canto ser muller escritora en Galicia implica uns condicionantes culturais e políticos que non padecen os seus compañeiros masculinos. Por iso denuncia os estereotipos de xénero que os escritores seguen a deitar na literatura do seu tempo, indignada por que “sigan facendo poemas amatorios onde eles son o lobo e elas as estáticas, doces, inútiles e estúpidas carapuchiñas desexantes de sempre”. Neste contexto, a súa obra anticipa a reivindicación do corpo feminino como un suxeito autónomo, non sometido á mirada patriarcal.

Por último, o seu compromiso feminista maniféstase tamén na participación en proxectos colectivos como **Festa da palabra silenciada** ou na homenaxe poética a **Rosalía de Castro** no libro-disco colectivo **Daquelas que cantan** (1997). E se de alguén se sente próxima xeracionalmente é de escritoras coetáneas como **Ana Romani, Helena de Carlos** ou **Cristal Méndez**.

F E S T A D A P A L A B R A

30 anos de Festa



29

Publicación Galega Feminista
Galicia. 2013



COMPROMISO

Desde moza Xela Arias comprométese en todas aquelas causas sociais e políticas que considera ineludibles. A súa actitude ética resúmea **Amparo Castaño**, nai da escritora:

“As inxustizas poñían enferma. Foi sempre unha loitadora, esa coido que é a palabra que a define mellor. Loitou polas mulleres, polo galego, pola xente sen recursos, contra a guerra de Iraq... Onde puidese facer algo, alí estaba, sempre loitando contra vento e marea. E tamén foi loitadora como profesora. Sabía facerse cargo dos rapaces rebeldes, traballaba moitísimo con eles explicándolles a vida.”

Catro acontecementos históricos expresan a postura ética de Xela Arias con certas causas sociais e políticas que tiveron enorme repercusión na historia contemporánea: **a entrada de España na OTAN, o conflito israelí-palestino, a catástrofe ecolóxica do Prestige e a guerra de Iraq**. Toda a vida manifestou un compromiso contrario a calquera forma de fascismo ou militarismo, partidaria da causa feminista e do ecoloxismo, disposta sempre a denunciar os abusos do poder político cando se volve inxusto e arbitrario.

Xela Arias
ABECEDÁRIOME 8
Día das Letras Galegas 2021

UNIVERSIDADE

Sempre a contracorrente, Xela Arias chega á universidade nos anos noventa, despois dunha década de colaboración co proxecto editorial de Xerais. En 1991 matricúlase na **Universidade de Vigo** na carreira de Filoloxía Hispánica. Compatibiliza os estudos co labor literario e de tradución, que nunca abandonará ata o día da súa morte. Finalmente, en setembro de 1996 obtén o título de **licenciada en Filoloxía Hispánica** pola **Universidade de Santiago de Compostela**, onde tamén estuda **Filoloxía Galego-Portuguesa**.

Logo de se licenciar, a docencia vai ser a última ocupación laboral de Xela Arias, unha tarefa que emprendeu con enorme entusiasmo. Entre 1999 e 2003 foi profesora de ensino secundario de Lingua e Literatura Castelá e imparte clases en nove centros de ensino de Galicia. Entre outros, exerce a docencia no **IES de Chapela** (Redondela), no **IES A Sangriña** (A Guarda) ou no **IES Álvaro Cunqueiro** (Vigo).



RETRATO

Unha das caracterizacións máis precisas da figura de Xela Arias déixanola **Manuel Bragado**, director de Xerais durante máis de vinte anos. Esta é a súa lembranza póstuma da escritora en 2004:

“Con Xela non son obxectivo. Gustaba da súa presenza fráxil, un chischo melancólica e desvalida, que aseguraba, tras os seus ollos inmensos, unha conversa intelixente, afastada de calquera banalidade tan frecuente no mundo da cultura [...]. A mirada de Xela foi a dunha francotiradora guerrilleira e independente que anxeiaba reencarnarse nun Loud Reed feminino, que escribía as letras de Desertores, nunha cidade de fronteira coma a nosa, «unha cidade revolcada» coma a Xela lle gustaba dicir, con todos os riscos que isto conleva, esculcando ao mesmo tempo os límites do pracer cos da dor.”

HOMENAXES

Xela Arias falece de xeito inesperado o **1 de novembro de 2003**, en Vigo, tras un infarto, con só **41 anos**. O seu pasamento provoca unha enorme conmoción no mundo cultural e literario galego e, logo da incredulidade inicial, vanse suceder os actos de recoñecemento á autora, tanto desde o ámbito cultural como desde o educativo.

Cómpre destacar, entre outras iniciativas, o libro monográfico **Xela Arias, quedas en nós (2004)**, o premio de tradución que leva o seu nome a partir de **2018**, o recoñecemento do **Concello de Chapela** coa biblioteca “Xela Arias” ou a homenaxe que lle dedicou en Vigo o 15 de agosto de **2019** a plataforma feminista **A Segá**, co **Día das Galegas nas Letras**.



Xela Arias

ABECEDÁRIOME 9

Día das Letras Galegas 2021

XELA ARIAS

ABECEDÁRIOME 10

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2021

PARIR, APRENDO LINGUAS



E, POR CERTO E POR SEMPRE, CONTIGO A MINHA MAIOR DIVERSIÓN.

"¡Que perder pé sería unha ambición preciosa!"

Non hai idioma abondo para recoñecermonos.

*Intempestiva,
serse intempestiva.
E domea-la furia á procura
da froita
madura.*

*Vencerse é cousa
de se tratar.*

"Somos crueis -o amor morte antiga"